TEMPOS DE CONFIRMACIÓNS

Este fin de semana os distintos equipos do Numancia afrontan unha nova xornada nas competición de Liga que van chegando co paso das semanas ao seu final. Analizamos o que nos agarda nesta xornada do mes de abril:

MODESTOS: Penúltima xornada de Liga onde o primeiro equipo pode conseguir matemáticamente a 4ª posición na Segunda Autonómica. Para iso deberán derrotar ao Mandiá en Prados Vellos. Estamos seguros que os nosos xogadores sairán moi motivados para xogar este último partido de Liga na casa e poñer diante de toda a afición o broche de ouro a unha magnifica competición de Liga. Contamos contigo para despedir a Segunda Autonómica de Prados Vellos. Domingo as 17:00. ¡¡¡Pasamos lista¡¡¡

XUVENÍS: Primeira da tres finales que afrontarán os xuvenís nas próximas catro semanas. Nesta xornada, visitan a o SD O Val "B" un equipo ao que deberán superar para chegar coas opcións intactas aos enfrentamientos directos das últimas xornadas. Diso xa falaremos. Partido a partido. Tod@s cos xuvenís este sábado as 10:00 no anexo de O Sinde. ¡¡¡Non faltedes¡¡¡

CADETES: Reciben a un dos equipos que está loitando polo título e por xogar a fase de

ascenso, o CD As Pontes. Partido difícil onde os rapaces buscarán compricarlle as cousas aos da vila mineira. Será o sábado as 16:30 en Prados Vellos.

INFANTÍS: Terminarán unha intensa semana afrontando un duelo da zona media da clasificación. Xogan ante o CD As Pontes nos campos de herba natural de O Poboado o venres a partir das 17:45.

FÚTBOL - 8: O venres temos festa do fútbol - 8 numantino en Ares con tres partidos en Prados Vellos. As 17:00 os **benxamíns** reciben ao Racing San Pedro. As 18:00 xogan os **alevíns** ante o Galicia de Caranza "D". Para as 19:00 queda o **prebenxamín "B"** que recibe ao E.F. Cabanas.

Para o sábado queda o derbi **prebenxamín** as 12:00 en A Pedreira entre Galicia de Mugardos e Numancia "A".

En resumo, xornada bonita na que empezarán a decidirse cousas nas competicións de Liga. Agora máis que nunca, o Numancia necesita o voso apoio.

¡¡¡Vémonos este fin de semana en Prados Vellos, O Val, As Pontes ou en Mugardos.

O Numancia somos tod@s

¡¡¡AUPA NUMANCIA¡¡¡